



ALUMNADO DE COMEDOR

Estimadas familias, segundo a Orde do 27 de marzo de 2020 da Consellería de Educación (DOG 30 de marzo), informámolas do seguinte:

- As familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar (USUARIOS GRATUÍTOS e SEMIGRATUÍTOS QUE PAGAN 1€) poderán solicitar unha AXUDA para compensar o custo dos menús diarios dos seus fillos/as, que en período lectivo corre por conta da administración educativa, durante o tempo da suspensión das clases.
- Esta axuda será de 2,50 € para os usuarios gratuítos e de 1,50 € para os semigratuítos, por cada día lectivo que non se fixo uso do comedor, dende o 16 de marzo ata o 3 de abril, en total 14 días. Tamén cubriría, nun segundo pagamento, ata o 1 de maio en caso de prolongarse a suspensión das clases.
- As solicitudes presentaranse por vía telemática, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), dende o martes 31 de marzo ata o luns 6 de abril, ambos inclusive. Para iso é necesario dispoñer de certificado dixital ou chave 365. Para calquera dúbida con esta xestión poden consultar co centro por correo electrónico ceip.meson.vento@edu.xunta.es ou por teléfono 881880894 en horario de 10:00 a 13:00.
- As familias que non poidan presentar a solicitude por este medio, deberán nos facer chegar preferentemente por correo electrónico ou, se non, telefonicamente ata o xoves, día 2 de abril os seguintes datos:
 - Nome, apelidos e DNI do pai/nai/titor/a.
 - Nome, apelidos e curso dos fillos/as indicando o tipo de usuario (gratuíto ou 1€).
 - Número de conta bancaria.

Agardando que se atopen ben, reciban un cordial saúdo.

Mesón do Vento, 30 de abril de 2020

O EQUIPO DIRECTIVO